



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2010

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno, baixo a presidencia do Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez de acordo coa orde do día previamente circulada ao efecto e que figura no **anexo I**.

Xustificaron en tempo e forma a súa ausencia os Sres. Ferreiro Baamonde, Xabier de Salvador, Sobrino Heredia e Martínez Suárez.

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno dos acordos adoptados no Consello de Universidades do día 5 de xullo, en especial sobre o estado de tramitación do Real Decreto de acceso ás profesións de avogado e procurador.

Informa tamén o reitor sobre a convocatoria do Campus de Excelencia Internacional, e a non superación da primeira fase por parte da UDC. O Reitor engade que o Ministerio aposta por dous conceptos (agregación e internacionalización), polo que a UDC fará para a vindeira convocatoria unha mellora da súa proposta nese sentido. O reitor remata este apartado indicando que a UDC é parceiro na candidatura aprobada pola UVIGO sobre o Campus do Mar, polo que nos vindeiros días deberá colaborar coa Universidade de Vigo na confección da documentación para a segunda fase da convocatoria.

O reitor informa sobre o estado de elaboración do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Está convocado Consello de Universidades para o 28 de xullo, pero estamos lonxe de acadar un punto satisfactorio. O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen da conta da situación actual. Non hai cifras para o orzamento 2011 e no último borrador desbotouse o obxectivo do 1% do PIB para 2015. Sinálase que os niveis de desenvolvemento e de consenso do modelo son moi limitados. Non hai criterios de distribución dos fondos, pero existen indicios preocupantes, tanto nos indicadores propostos (aínda pouco maduros) como na falla de tradución concreta das referencias xenéricas á eficiencia e ao equilibrio. Ademais, na última xuntanza engadiuse un novo



documento: un plano de axuste para as universidades, que inclúe a redución de efectivos da RPT.

Aproveitando o uso da palabra, o vicerreitor engade que desde o anterior Consello de Goberno, consonte a Base 9ª.2 do Orzamento, a Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2009 por importe de 57.337,54 euros nos expedientes V-5 a V-7, e a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno nas súa sesión do 23/06 e do 20/07 validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2010 por importe de 516.360,96 euros nos expedientes C-6 a C-8.

A seguir, o reitor informa da presentación dos resultados do Observatorio Ocupacional sobre a inserción laboral dos nosos egresados e egresadas, destacando os bos resultados acadados pola UDC.

O reitor dalle quenda á xerenta, quen informa dos seguintes puntos:

- A diferenza do que se viña facendo en anos anteriores, dada a gran complexidade que tivo a xestión da nómina do mes de xuño, foi necesario separar o seu pagamento do da paga extra, proceso que se superou sen maiores problemas grazas ao esforzo realizado pola Área de Xestión Económica e Administrativa do Servizo de Informática e Comunicacions así como polo Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social.
- Rematada a negociación da RPT de PAS laboral, o pasado día 2 de xullo recibíuse na Xerencia o informe negativo do Comité de Empresa, no mesmos documento do informe o Comité solicitou unha reunión co reitor, que foi o día 14 de xullo. Tras esta reunión entregan un novo escrito, o 16 de xullo, con novas apreciacións. A Xerencia está traballando nunha proposta de RPT que enviará ao Comité de Empresa con nova solicitude de informe.
- Está enviado para publicación aos diarios oficiais as convocatorias de Axudantes de Bibliotecas, Arquivos e Museos, e onte mesmo publicouse a convocatoria de concurso de traslados do PAS Funcionario.



- O Servizo de PAS está traballando nas convocatorias de PAS laboral que foron informadas polo Comité de Empresa; segundo vaian estando preparadas enviaranse a publicación no DOG/BOE

A seguir, toma a palabra Elena Sierra para informar sobre as oficinas de software libre.

Ana Tarrío informa sobre os informes favorábeis aos graos en tramitación.

O reitor retoma a palabra para parabenizar á equipa de rugby feminina da UDC polo seu recente éxito deportivo (subcampionato europeo).

Na quenda aberta de intervencións, Xosé Casabella di se o grao de arquitectura debe adaptarse ao Real Decreto 861/2010, sobre ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. O reitor informa sobre as novidades incorporadas polo Real Decreto respecto dos requisitos académicos de acceso ás profesións tituladas.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 22 de xuño de 2010

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 22 de xuño de 2010, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Regulamento sobre mobilidade de estudantes

O reitor modifica a orde de asuntos para facilitar a asistencia da vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais a un acto, e cédelle a esta a palabra para a defensa do Regulamento proposto.

A vicerreitora toma a palabra para expor o sentido e principais novidades do mesmo: a necesidade de ir adaptando os sistemas de intercambio á nova realidade da UDC e dos programas de mobilidade, cada vez máis importantes e complexos nun mundo globalizado. Desa importancia crecente dá conta o feito de que este ano son xa 500 os estudantes con mobilidade na UDC.



O Regulamento establece un organigrama de relacións internacionais na UDC; delimita as funcións dos coordinadores académicos do centro, que son as pezas máis importantes para os intercambios. Igualmente, abre a posibilidade de crear comisións de relacións internacionais nos centros, para mellorar a eficacia e colexialidade neste ámbito; aclara os dereitos e deberes do estudatando con mobilidade, regulando o papel dos centros. Regula a figura do estudante de libre intercambio saínte. Senta as bases do procedemento xeral do conxunto de programas de mobilidade, para garantir a seguridade xurídica e calidade dos intercambios. O regulamento conta con todos os informes favorábeis.

A seguir, solicitan intervir Jordi Delgado, Ramón Fernández Cervantes e Manuel Casteleiro.

Jordi Delgado pide aclaración sobre quen nomea aos coordinadores dos centros; igualmente, estima que non se regula acaídamente a composición e funcionamento da comisión de relacións internacionais. Tamén pide aclarar a figura do estudante de libre intercambio.

Sobre a figura do coordinador (art. 2.3) tamén pide aclaracións Ramón Fernández Cervantes, quen considera que non debe facerse máis complexa a estrutura orgánica dos centros. O profesor Fernández tamén indica aclaración sobre o réxime das equivalencias, pedindo colexialidade para adoptar as correspondentes decisións.

Manuel Casteleiro, pola súa parte, opina que o regulamento é excesivamente prolixo, sostendo tamén que o coordinador académico deba ser membro da equipa de dirección do Centro, e non un membro alleo á equipa de dirección. Sinala que na páxina 3 se atribúen competencias ao coordinador sobre a mobilidade de profesorado, algo que lle parece impropio. Por último, considera que no punto sobre os dereitos e deberes dos estudantes se recolle o dereito de exame de convocatoria extraordinaria, pero non as ordinarias, preguntando o sentido desta diferenza.

Daniel Pena adhirese ás opinións anteriores, e engade que os criterios de selección dos estudantes non están recollidos acaídamente. Debería primarse, por exemplo, estar nos cursos superiores, e ter asignaturas aprobadas.



Horacio Naveira pede a palabra para expresar tamén a súa opinión sobre o punto 2.3.

A vicerreitora contesta de xeito conxunto, defendendo os distintos puntos sometidos a controversia.

Tras o debate, constatada a falta de acordo en distintos puntos do Regulamento, e para lograr o máximo consenso, o reitor retira o punto da orde do día, abrindo un prazo até o 3 de setembro para que os centros envíen as suxestións que estimen convenientes.

4. Convenios e contratos

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Secretario Xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo II**, que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (1), convenios específicos (14) e convenios para prácticas (35) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Igualmente, e con carácter extraordinario, o Secretario explica que se somete tamén á aprobación do Consello de Goberno o borrador de convenio co IGVS para a cesión da titularidade da futura residencia universitaria, co obxecto de axilizar ao máximo o cumprimento dos trámites administrativos deste convenio. O secretario informa que, unha vez aprobado por Consello de Goberno, remata a tramitación na UDC, e só queda pendente da autorización do Consello da Xunta de Galicia, agardando que o trámite poda ser realizado polo IGVS antes do mes de agosto, para así comezar canto antes a construción da Residencia.

Os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

5. Prazas de profesorado

Tras unha breve explicación, o vicerreitor somete a aprobación as seguintes prazas de PDI:

PDI funcionario por transformación de contratado doutor en titular de universidade segundo figuran no **anexo III**.



PDI contratado e PDI contratado polo procedemento de urxencia segundo figuran no **anexo IV**.

Programa de dotación das prazas de PDI acreditado que figuran no **anexo V**.

Prazas de Mestrados 2010/2011 que figuran no **anexo VI**.

Todas as prazas son aprobadas por asentimento.

6. Tribunais das prazas de PDI funcionario

Neste punto, o Vicerreitor de Profesorado somete a aprobación os tribunais das prazas de PDI funcionario que figuran no **anexo VII**.

Os Tribunais son aprobados por asentimento.

7. Cambios de adicación

Apróbase por asentimento do Consello de Goberno os cambios de adicación do profesorado que figura no **Anexo VIII** coa aclaración de que o cambio de dedicación de T3 P4 debe ser T3 P5.

8. Permisos e licenzas

Apróbanse os permisos e licenzas que figuran no **Anexo IX** aclarando o Vicerreitor de Profesorado que no caso de Angel Viñas é unha excedencia temporal voluntaria, concedida ao abeiro do artigo 83.3 d LOU.

Tamén se aproba a licenza de catro meses solicitada ao abeiro do programa de promoción do profesorado TEU e colaborador que figura no **anexo X**.

9. Creación de prazas de profesorado ao abeiro do programa de promoción dos Parga Pondal.

O Vicerreitor de Profesorado trae as prazas previstas tras as avaliacións da Xunta de Galicia do programa Manuel Colmeiro, indicando que todos os contratados tiveron informe favorábel, agás dúas persoas, polo que se pide a creación de 5 prazas, para os que teñen informe favorábel.



O vicerreitor propónlle ao consello de goberno que, no caso de as dúas persoas recibiren posteriormente a avaliación positiva en vía de recurso, se adiante a aprobación da convocatoria das correspondentes prazas no Consello de Goberno. A proposta é aprobada por asentimento.

Na quenda de intervencións, Jordi Delgado intervén interesándose polo procedemento de aprobación das prazas e os dereitos dos interesados, contestando o vicerreitor que o procedemento figura na normativa aprobada no seu día polo Consello de Goberno, que continúa vixente.

Co voto en contra dos representantes do PAS, as prazas citadas son aprobadas por asentimento do resto de membros do Consello de Goberno segundo figuran no **anexo XI**.

10. Recurso premio extraordinario de biblioteconomía e documentación.

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón a proposta de recurso achegada que figura no **anexo XII**, que estima parcialmente o recurso e ordena retrotraer o expediente ao momento de valoración da proposta polo tribunal de valoración do centro.

Na quenda de intervencións, Daniel Pena propón modificar o regulamento para evitar estas confusións á hora de valorar os méritos.

Apróbase a resolución do recurso de reposición conforme figura nodito anexo.

11. Títulos propios de posgrao.

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón o sentido do punto, que busca a renovación dos 7 títulos de mestrado conforme á normativa vixente.

Igualmente, sinala que hai nove solicitudes de cursos de especialización e 6 de cursos de formación específica de posgrao.

Apróbanse por asentimento todas fichas segundo figuran no **anexo XIII**.



12. Regulamento de rexime interno de Dereito Público Especial.

O reitor somete a aprobación o Regulamento de rexime interno do Departamento de Dereito Público Especial.

Apróbase por asentimento o dito Regulamento que figura no **Anexo XIV**.

13. Quenda aberta de intervencións.

Na quenda aberta de intervencións, Xurxo Dopico solicita aclaración sobre a licenza de catro meses de Antonio Ripoll do programa de promoción dos TEU.

Xosé Portela interésase sobre as propostas que o Comité de Empresa expuxo na reunión co Reitor e a Xerencia o día 16 de xullo, e pide información sobre as expropiacións de Elviña e o dereito ao realoxo dos veciños e veciñas.

Felipe Fernández López sinala que o mantemento dos xardíns do Campus de Elviña non é todo o acaído que debería, e solicita que se extreme o coidado, por ser un aspecto fundamental da imaxe da UDC.

O secretario xeral toma a palabra para pedirlle a Xosé Portela que se absteña de facer difusión pública a través de internet da documentación que recibe como membro do Consello de Goberno.

A xerencia contesta na súa quenda as dúbidas suscitadas polos representantes sindicais.

O profesor Tuimil López di que o Grao de Ciencias do Deporte só contempla o acceso de 120 estudantes, e pide que se lle advirta á CIUG de que só hai 120 prazas. Ana Tarrío acláralle o asunto aos membros do Consello de Goberno.



Tras o anterior, e sen máis asuntos que abordar, o Reitor levanta a sesión, sendo as 13:55.